

## **1. CATEGORÍAS:**

Aspectos históricos, arquitectónicos, paisaxísticos e etnográficos do Concello de Barro.

A viña e o viño, cultura e tradición en Barro.

## **2. PREMIOS:**

De entre todas as fotografías recibidas, concederanse un primeiro premio e un premio finalista por categoría.

### **Adultos a partir de 18.**

#### **1er PREMIO:**

Aspectos históricos,... =100 €

A viña e o viño,... = 100 €

#### **PREMIO FINALISTA:**

Aspectos históricos,... =50 €

A viña e o viño,... =50 €

### **Xuvenil ata 18 anos.**

#### **1er PREMIO:**

Aspectos históricos,... =60 €

A viña e o viño,... = 60 €

#### **PREMIO FINALISTA:**

Aspectos históricos,... =30 €

A viña e o viño,... =30 €

## **3. CÓMO PARTICIPAR:**

Podrán participar no concurso todas as persoas de casqueira idade e procedencia.

Cada participante podrá presentar un máximo de **2 fotografías por categoría** polo que non se aceptarán máis de **4 fotografías** por persoa.

As fotografías podrán ser en color ou en branco e negro e realizadas mediante unha cámara analóxica ou dixital.

### **Envíos:**

O participante deberá enviar a/s fotografía/s atendendo ós seguintes requisitos:

- Enviar unha impresión **en papel fotográfico** de tamaño de 24 x 36 cm., en color ou en branco e negro e **en soporte dixital**.
- No dorso de cada fotografía deberá figurar un lema igual para o conxunto de fotografías e o título de cada una. Nun sobre pechado co mesmo lema escrito por fora deberán axuntar os seguintes datos: nome e dirección teléfono fixo e móbil do autor, a categoría, título, lugar e data da fotografía.

Toda a información deberá enviarse por correo ou entregarse no concello con rexistro de entrada nun sobre pechado a:

Concurso Fotografía "Imaxes de Barro 2010". Santo Antoniño Perdecanaí, s/n.  
36194 Barro Pontevedra.

### **Calendario:**

- A data de recepción comezará o **20 de Abril de 2010** e rematará o **5 de Xuño de 2010**, ambas inclusive. Os traballos recibidos despois da data de reunión do xurado quedaran excluídos.
- Luns 7 de xuño reunión do xurado.
- O fallo do xurado farase público nos medios de comunicación e na páxina de Internet [www.barro.es](http://www.barro.es) durante o mes de xuño de 2010

### **Xurado:**

O xurado estará integrado por:

- Alcalde ou persoa en quen delegue.
  - 2 expertos en fotografía
  - Actuando como secretaria, a Informadora Xuvenil do Concello de Barro.
- Os criterios de avaliación do xurado serán a creatividade e a calidade fotográfica. A selección dos ganadores será a discreción absoluta do xurado e o seu fallo será definitivo e inapelable.
- Os premios serán entregados durante a celebración da Festa do Viño durante o terceiro fin de semana do mes de xuño de 2010.

### **4. RESTRICCIONES**

Non se aceptarán fotografías realizadas por persoas distintas o autor ou que non sexan propiedade do autor.

As fotografías non poderán ser alteradas electrónicamente nin por calquera outro medio. Tampouco se aceptarán fotomontaxes. Se permitirán mínimas correccións de color e luminosidade.

Non se aceptarán fotografías que xa se publicaran, exhibiran ou premiaran con anterioridade.

### **As fotografías deberán ser realizadas dentro dos límites do concello de Barro.**

O participante manifesta e garante ó concello de Barro que é o único titular de todos os dereitos do autor sobre a fotografía que presenta ó Concurso.

A participación no Concurso leva a cesión a favor do Concello de Barro dos dereitos de reprodución e distribución, sobre as obras fotográficas, e a exposición dos seus traballos durante o mes de xuño e xullo de 2010. Así mesmo poderán aparecer tanto nas publicacións editadas polo Concello de Barro con referencia á Festa do Viño como na [Web www.barro.es](http://www.barro.es), sempre citando a procedencia e autor. Os participantes que non cumpran con calquera dos requisitos indicados nesta

convocatoria serán descualificados automaticamente.

### **5. XERAIS**

As impresións en papel fotográfico, enviadas o concurso serán devoltas ós participantes que pasaran a recollelas pola Oficina de Información Xuvenil do Concello.

Correrá a cargo de cada participante o risco por perdidias ou danos ás fotografías durante o envío.

O enviar a súa imaxe, o participante acepta cada un dos termos e condicións aquí expostas.

En Barro, 20 de abril de 2010

O Alcalde.

Fdo.: José Antonio Landín Eirín.

